



INFORME SOBRE AVALIACIÓN DO CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS XERAIS PARA O INICIO DO PROCESO DE REESTRUTURACIÓN PARCELARIA DE ORDES-PEREIRA II (ORDES)

1 ANTECEDENTES

O 07.02.2023 (rexistro entrada núm. 2023/424773) se recibe escrito do concello de Ordes no que **solicita o inicio de proceso de reestruturación parcelaria da parroquia de Ordes e nunha parte da parroquia de Pereira** e argumenta o seguinte:

"...No Concello de Ordes todas as parroquias están concentradas ou en proceso de reestruturación parcelaria, coa única excepción da parroquia de Ordes, e unha parte da parroquia de Pereira, lindante coa parroquia de Ordes, que quedou excluída do último proceso.

Dentro do perímetro da parroquia de Ordes atópase o núcleo urbano e o parque empresarial de Merelle, así como diversos núcleos rurais de poboación, uns ao carón da periferia do centro urbano e outros dispersos. A poboación total da parroquia de Ordes é de 7.888 habitantes, cunha extensión de 17.820.622 m² (1.782 ha), conformadas maioritariamente por solo rústico con aproveitamento agrícola e forestal.

Na parroquia de Ordes é necesario levar a cabo unha mellora da estrutura territorial agraria para dotar ás explotacións agrogandeiras existentes dunha rendibilidade da que carecen a día de hoxe e optimizar os terreos de uso forestal.

A excesiva parcelación da propiedade impide o aproveitamento de moitas fincas pola falta na actualidade de accesos axeitados para a maquinaria e polas escasas dimensións, polo que en moitas ocasións os propietarios teñen que abandonalas, véndose obrigados a alugar parcelas noutras parroquias que teñen os seus procesos de reestruturación xa realizados.

A parte de terreo pertencente á parroquia de Santa Eulalia de Pereira (zona de O Curro), que quedou excluída do proceso de concentración parcelaria desta parroquia ten unha extensión de 449.213 m².

Achéganse documentos anexos nos que se delimita o perímetro de actuación. A documentación anexa completa poderase descargar no seguinte enlace, xa que hai documentos que a sede electrónica da Xunta de Galicia non permite anexar..."

O 05.05.2023 publicouse a consulta do cumprimento dos obxectivos xerais, xunto cun plano con parcelario e o perímetro proposto na OVMR ata o 31.05.2023





O 26.05.2023 por correo electrónico recibíse a seguinte consulta:

"...Con respecto o plano con parcelas do concello, as parcelas que están marcadas en azul cabe está que son as parcelas van a entrar dentro da reordenación. Si hai unha ou varias parcelas pegadas a unha casa, e son do mesmo propietario da casa, é decir, fincas colindantes o propietario da casa, ¿cando se faga a reorganización de parcelas, estas van a seguir sendo o mesmo propietario ou pode que sexan desplazadas perdendo o propietario as parcelas que ten pegadas a súa vivenda? Si a resposta é si, ¿hai algunha maneira de que esas fincas non entren dentro da reorganización de parcelas?..."

O 31.05.2023 (registro entrada núm. 2023/1622238) se presenta alegación na que se propón a exclusión de tres parcelas. O alegante sinala que están dentro do núcleo urbano e lindan con vivendas. Ademais dúas das parcelas son lindeiras entre elas e cunha infraestrutura enerxética en funcionamento.

2 CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Para o inicio dun proceso de mellora de estrutura territorial compre acreditar, con carácter previo, que se **cumpre algún dos requisitos** para acadar os obxectivos xerais establecidos no artigo 2 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora de estrutura territorial de Galicia, en adiante METAGA (DOG núm. 131, 14.07.2015).

Despois de realizar a consulta previa a todas as persoas físicas ou xurídicas interesadas que permita coñecer a súa opinión sobre a iniciativa e as propostas de mellora, procede realizar un **informe razoado de avaliación** que será publicado na sede electrónica correspondente.

Para a acreditación do cumprimento dos obxectivos xerais teranse en conta as seguintes circunstancias do artigo 7 da METAGA:

- a) A existencia de deficiencias estruturais das explotacións agrarias situadas na zona de actuación que incidan negativamente na súa viabilidade técnico-económica e que poidan ser corrixidas mediante algún dos procesos de mellora da estrutura territorial agraria.
- b) A actividade agraria da zona de actuación e a existencia de profesionais agrarios que dedican as súas producións á comercialización.
- c) O interese das persoas titulares, especialmente das explotacións agrarias, por levar a cabo o proceso, constatado polas sinaturas que apoien a petición.





d) O dinamismo do territorio e a poboación, que permita a maximización do efecto do procedemento de mellora.

e) A potencialidade agraria da zona, estimada de acordo con criterios obxectivos.

f) A sensibilidade ambiental, atendendo aqueles aspectos que poden condicionar negativamente a viabilidade das actuacións e a existencia dentro do seu perímetro de áreas ambientalmente protexidas ou que, estando fóra deste, se poidan ver afectadas negativamente.

g) A posibilidade de mitigar os efectos do cambio climático mediante a diminución das emisións de CO² e do número e intensidade dos incendios forestais.

h) Outros factores que se consideren adecuados para acreditar o cumprimento dos obxectivos xerais.

3 DESCRICIÓN DO PERÍMETRO DA ZONA EN ESTUDO


A delimitación xeográfica proposta está dentro do municipio de Ordes e comprende a parroquia completa de Ordes (Santa Maria) e parte de Pereira (Santa Eulalia) que quedou sen ordenar nun proceso de concentración parcelaria anterior Bean-Pereira (decretada o 13.06.1991 e con títulos entregados dende o 30.03.2022)

A superficie a reestruturar é de **1.323 ha** dentro dunha superficie total municipal de **15.723 ha**, excluídas as zonas urbanas delimitadas no PXOM de Ordes adaptado a LSG aprobado definitivamente o 13.12.2023 (DOG num. 243, 26.12.2023), inscrito con data 29.01.2024, no Rexistro de Ordenación do Territorio e Plan Urbanístico de Galicia, na Sección II, Libro I, Tomo III, folia rexistral 71, co número ROTPG/P/8/2024 e publicado definitivamente no BOP núm. 35 do 19.02.2024.

Os límites administrativos da zona que acolle a proposta de reestruturación parcelaria son:

- Norte: parroquias de Mercurín e Lesta
- Sur: parroquias de Pereira e Montaos
- Este: parroquias de Buscas e Poulo
- Oeste: parroquia de Parada






A parroquia de Ordes conta con **13 parroquias e 22 lugares identificados**: Alto, Bidueiro, Casal, Casillas, Castiñeira, Castro, Ceidón, Darefe, Espenica, Fábrica, Fonte Estrei, Fraga da Galiña, Gosende, Merelle, Mesón de Deus, Ordes e Reboredo. E a de Pereira dentro do perímetro definido encontramos o núcleo rural de Guindibó de Riba.

A poboación total do concello é de **12.589 habitantes** (INE 2022) e as parroquias afectadas por a zona obxecto deste informe suman **6.457 efectivos** (mais do **50 %** do total municipal).

A evolución demográfica do concello non mostra unha perda significativa de efectivos como noutros concellos do interior e se mantén entornó aos **12.000 habitantes**.



INFORME - POBLACIÓN




Este concello con categoría 3 é un municipio urbano de 5.000 a 20.000 habitantes non incluído nunha Gran Area Urbana (GAU) pero si **incluído como urbano despois dun análise estadístico segundo a metodoloxía aplicada para a elaboración do Atlas Dixital das Áreas Urbanas** do Ministerio de Transporte, Mobilidade e Axenda Urbana.

Os indicadores de estrutura por idades mostra que este concello ten mellores datos que a media galega (Atlas Dixital das Áreas Urbanas. INE 2021), con índices menores de envellecemento, senectude e idade media da poboación.

Indicadores	Ordes	Galicia
Índice de infancia (%)	12,9 ▲	11,5
Índice de envellecemento (%)	24,7 ▼	25,8
Índice de senectude (%)	16,3 ▼	19,7
Idade media da poboación	45,6 ▼	46,6


En relación a estrutura produtiva observase que os traballadores no sector agrícola son o **10 %**, o **dobre que na media galega**, sin embargo non ocorre o mesmo no número de establecementos agrícolas que supoñen un peso dun 5% similar ao conxunto da rexión.





Dende o punto de vista ambiental a zona proposta está dentro da zona de especial conservación do Río Tambre (ES1110016) con hábitats do Anexo I da Directiva 92/43/CEE algún deles prioritarios (6220* e 91E0*)


Os regos de Castaños, Valado e Fraga atravesan a parroquia de Ordes de Norte a Sur e son tributarios do Río Cabrón, afluente polo Oeste do Río Lengüelle que está dentro da demarcación hidrográfica Galicia-Costa.



Non existen montes veciñais en man común dentro do perímetro, o mais próximo, MVMC Inxerio, localízase ao noroeste na parroquia de Mercurín.

O concello pertence a Grande Area Paisaxística de Galicia Central e as unidades de paisaxe mais representadas son **rururbano (diseminado)**, **agrosistema intensivo (mosaico agroforestal)** e **agrosistema extensivo**.







4 EXPERIENCIAS PREVIAS DE REORGANIZACIÓN DA PROPIEDAD

A complexidade da estrutura da propiedade da terra en Galicia segue sendo un dos factores que lastran a dimensión e viabilidade económica das explotacións agrarias.

O concello de Ordes conta cunha superficie total de **15.723 ha** repartidas en 13 parroquias que foron decretadas nos anos 60, 70, 80 e 90 do século XX.

Nalgunhas parroquias fíxose por fases, primeiro os labradíos e posteriormente os terreos que quedaba sen reorganizar a propiedade


Nome	Superficie (ha)	Propietarios (núm.)	Parcelas bases (núm.)	Predios acordo (núm.)	Coefficiente Concentración	Data Decreto	Data Entrega títulos
Beán	91	109	903	235	84,1	07/09/1962	02/01/1967
Montaos	332	373	2660	750	83,5	05/10/1962	02/06/1965
Santa María de Parada	233	203	1532	369	87,5	13/06/1964	08/03/1966
Vilamaior - Barbeiros	609	424	3799	692	92,1	17/02/1969	26/05/1978
Buscás	421	419	3076	739	88,0	18/04/1972	05/11/1981
San Andrés de Lesta	796	260	2300	575	84,6	24/04/1974	15/10/1993
San Pedro de Ardemil	2037	1198	13623	2615	88,6	14/04/1988	01/01/2014
San Paio de Buscas	928	659	5621	1431	84,4	23/11/1989	
Vilarmarior - Barbeiros	1277	626	4740	1232	85,3	14/11/1990	
Santa Maria de Leira	1469	908	7786	2112	82,5	29/11/1990	31/05/2017
Beán e Pereira	1338	827	9022	1480	92,0	13/06/1991	30/03/2022
Santa Cruz de Montaos	567	617	2782	1064	79,4	13/06/1991	24/03/2023
Mercurín e de Lesta	1329	653	3575	1082	85,3	13/06/1991	
Parada	935	600	3371	1103	81,8	13/06/1991	
San Xulián de Poulo	744	0	0	0		29/04/2021	

Sobre a superficie municipal total se reestruturaron en datas previas **13.106 ha** o que supón o **83,36%** do concello de Ordes.

A maioría das zonas están rematadas e con títulos entregados agás cinco:

- Buscas II, Mercurín e de Lesta, Parada, Parada) en fase de acordo
- Vilarmarior-Barbeiros II con acta de reorganización da propiedade
- Poulo en fase de bases





Fonte: <https://mapas.xunta.gal/visores/parcelaria/>

Segundo datos extraídos da Dirección Xeral do Catastro no perímetro en estudo proposto para a reestruturación de Ordes-Pereira II, temos:

Superficie total de zona en Consulta ACOX	1.323 ha
Superficie total de zona derivada do Informe ACOX	1.266 ha
Superficie descontando edificacións e viarios	1.243 ha
Número de parcelas catastrais	7.358
Número de propietarios	1.852
Superficie media por parcela	1.721 m ²
Número medio de parcelas por propietario	3,97

Pero estes datos de catastro recollen superficies urbanas e rústicas dentro do perímetro. Unha vez excluídas todas as referencias urbanas o número de parcelas catastrais segundo o uso definido como agrario é superior a **4.800 e suman 879 ha**

USO	Cuenta de APN	Cuenta de RC	Cuenta de NIF20	Suma de SUPF
Agrario	4774	4774	4381	8.748.547
Almacén agrario	1	1	1	115
Deportivo	1	1	1	924
Industrial agr.	4	4	4	7.477
Residencial	47	47	47	39.921
Total Resultado	4827	4827	4434	8.796.984






Dunha análise mais en profundidade, a partir dos datos do catastro, e utilizando so as referencias catastrais con uso exclusivamente agrario (non residencial, almacén deportivo e industrial) temos:

	1	2-5	6-10	11-15	16-20	>20	TOTAL
Número de propietarios	573	357	106	50	52	40	1178
% Propietarios	49	30	9	4	4	3	100
Número de Parcelas	573	998	803	635	226	1539	4774
% Parcelas	12	21	17	13	5	32	100
Superficie (m2)	1.243.788	203.366	1.131.751	1.145.181	399.092	2.800.188	6.923.366
% Superficie	18	3	16	17	6	40	100
Superficie media parcela	2.171	204	1.409	1.803	1.766	1.819	1.450
Superficie media propietario	2.171	570	10.677	22.904	7.675	70.005	5.877


A distribución de frecuencias por intervalos sinala que **mais de 500 propietarios (49% do total)** dispoñen de **parcela única**. Este dato resulta de interese polas limitacións que supoñen no deseño dos novos predios relacionadas coa aplicación das deducións (infraestruturas e axuste técnico do proceso).

Case o 80% non chegan a 5 parcelas por propietario e o resto se reparte entre medianos (17%) e grandes propietarios (3%)

Distribución frecuencia de número propietarios por intervalos de número de parcelas



Pero tamén encontramos desigualdades entre a superficie que suman o numero de pequenos propietarios fronte aos grandes (40) que acaparan a día de hoxe o 40% da superficie a reestruturar



5 MANIFESTACIÓNS DE INTERESE

Na solicitude presentada polo concello non se recollen firmas asinadas polos propietarios dentro do perímetro en estudo.

No Plan Anual de Actuacións para a Recuperación da Terra Agraria 2023 (en adiante PAARTA) se recollen os resultados da Convocatoria de Manifestación de Interese de Proxectos Autonómicos presentados ata o 14.05.2021.

No concello de Ordes se localizan ata 10 solicitudes de manifestacións de interese presentadas para actividades gandeiras pero están fora do perímetro en estudo.

Na comparativa de masas de concentración parcelaria con abandono fronte á demanda de terra agraria a nivel de concello esta aparece totalmente cuberta




Fonte: Fig. 24 do PAARTA






Tamén aparecen masas de concentración parcelaria abandonada no nordeste do perímetro (cor verde) e que se sitúa na parroquia de Buscas. Non hai radio de solicitude de demanda agrícola pero si a gandeira que afecta polo suroeste do concello.




Fonte: Fig. 26 do PAARTA

Sin embargo, o concello está afectado por completo en canto ao radio de demanda de superficie forestal e comparativa coas masas de concentración parcelaria con abandono.



Fonte: Fig. 27 do PAARTA

Non se localizan no perímetro masas de concentración/reestruturación parcelaria con abandono, nin zonas preferentes de áreas de produtos de calidade diferenciadas nin zonas incluídas dentro do Plan de Pastos de Galicia.



Fonte: <https://mapas.xunta.gal/visores/rtag/>








6 ANALISE OCUPACIÓN DO SOLO

Para coñecer o uso tradicional dos terreos, realízase un estudo evolutivo do aproveitamento do medio rural mediante a análise das ortofotos existentes históricas da fototeca dixital do Instituto Xeográfico Nacional.


Nelas observase existencia de activade agraria en todo o perímetro, sin embargo, os usos improdutivos debidos a procesos de urbanización incrementaron as superficies destinadas a usos residenciais, industriais e para infraestruturas lineais





O Sistema de Información de Ocupación do solo en España (SIOSE) mostra a clasificación dos usos segundo INSPIRE.

No perímetro en estudo encontramos un mosaico de usos cun peso porcentual simplificado de **48 % forestal e 42 % agrícola**




Nota: a FORESTAL formada polos usos coníferas, especies caducifolias, eucaliptos eucaliptos e coníferas, mato, mato e especies arbóreas, mestura de especies arbóreas e repoboacións forestais. AGRÍCOLA formado polos usos definidos como cultivos e prados.





Segundo datos extraídos do SIOSE-AR (2017), con apoio de ortofoto aérea do PNOA 2020 e imaxes de satélite de Google Earth 2023, as áreas naturais terrestres supoñen un 62% fronte o 32% adicado a produción agrícola comercial.



7 POTENCIALIDADE AGRARIA

A capacidade produtiva dos solos das parroquias de Ordes e Pereira pode resumirse nas seguintes imaxes, nas que se pode comprobar que aptitude agraria do solo por superficie de parroquia en estudo:




- Ordes ten unha clasificación máxima de A1 no 100% do territorio para prado (fundamental en explotacións de vacún) e tamén para pinaster mentres que para millo so é A1 no 80% da superficie.
- Pereira II ten unha clasificación máxima de A1 no 100% do territorio para prado (fundamental en explotacións de vacún). Para millo se mesturan a clase A1 e a A2, mentres que en pinaster as aptitudes son A1 e A3

Neste caso se observan potencialidade produtiva superior ao noventa por cento da potencialidade óptima.









Ordes (Santa María) - Ordes - A Coruña



Pereira (Santaia) - Ordes - A Coruña





8 ANALISE ACTIVIDADE AGRARIA

Na distribución da superficie territorial segundo usos e aproveitamentos se observa que o concello ten unha porcentaxe de **superficie forestal do 50% e de 39% adicada a cultivos e prados.**

Anexo IV. Distribución municipal de terras 2020

							A CORUÑA
COMARCA	Concello	Sup. de Cultivo e Prado	Forestal Total	Outras Superficies	S. Total Concello	Sup. de Cultivo e Prado / Sup. Total	Forestal/ Sup. Total
	Cerceda	3.736	6.179	1.211	11.127	0,34	0,56
	Frades	2.930	4.636	590	8.156	0,36	0,57
	Mesía	4.719	4.488	1.514	10.721	0,44	0,42
	Ordes	6.096	7.906	1.721	15.723	0,39	0,50
	Oroso	2.743	3.830	686	7.259	0,38	0,53
	Tordoia	5.017	6.236	1.202	12.455	0,40	0,50
	Trazo	3.547	6.122	461	10.130	0,35	0,60
Ordes		28.788	39.398	7.385	75.571	0,38	0,52

Fonte: Anuario Estatística Agraria. Xunta de Galicia. 2020

A evolución temporal da distribución das terras mostra un **incremento porcentual da superficie forestal do 5,2 %** en contraposición co decrecemento da superficie de cultivos e prados do 5,8 %.

Ordenar por (-)	Superficie forestal total (-)	Forestal arborizado	Pastoreo, Pastoreo arbustivo e Mato	Superficie de cultivo e prado	Outras superficies
15059 Ordes					
2006	7.511	7.399	111	6.472	1.748
2007	7.668	7.535	135	6.437	1.627
2008	7.568	7.426	142	6.445	1.719
2009	7.495	7.354	141	6.502	1.735
2010	7.515	7.397	118	6.499	1.717
2011	7.561	7.422	138	6.456	1.714
2012	7.653	-	-	6.370	1.708
2013	7.698	-	-	6.356	1.677
2014	7.682	-	-	6.372	1.669
2015	7.678	-	-	6.360	1.684
2016	7.652	-	-	6.378	1.695
2017	7.685	-	-	6.350	1.687
2018	7.714	-	-	6.329	1.679
2019	7.896	-	-	6.179	1.648
2020	7.906	-	-	6.096	1.721

Consellería do Medio Rural. Estatísticas agrarias
(-) Dato non dispoñible
(14-04-2021)


Se entende como actividade agraria a **producción, cría ou cultivo** de produtos agrarios, con inclusión da colleita, o muxido, a cría de animais e o mantemento de animais a efectos agrícolas, ou o **mantemento dunha superficie agraria nun estado adecuado para o pasto ou o cultivo** sen ningunha acción preparatoria que



vaia máis aló dos métodos e maquinaria agrícolas empregados de forma habitual (artigo 3 do Real Decreto 1048/2022, de 27 de decembro)

A través do Sistema de Información Xeográfica de Parcelas Agrícolas (SIXPAC) pódese consultar as parcelas agrícolas, superficies e aproveitamentos declarados.


Consultadas as liñas de declaracións da PAC do último ano observamos que dentro do perímetro a superficie declarada como forestal supón o uso maioritario e o forestal (44%) sobre o total das declaracións



9 ANALISE DE EXPLOTACIÓNS AGRÍCOLAS

O concello de Ordes ten recollidos no **último censo agrario do 2020** un numero de 615 explotacións con SAU e cun tamaño predominante de 2-5 ha.





A superficie agrícola utilizada de terra arable a nivel municipal segundo o censo agrario é de 3.072, 80 ha.

Código	15059
Comarca	Ordes
Provincia	Coruña, A
Nivel	Municipal
Núm. Explotacións	583
% Tierra arable	70,50
Ano	2020

Consultado o REAGA, **a día de hoxe**, encontramos que o número de explotacións con cultivos (inclúen explotacións mixtas agrícolas-gandeiras con produción de horta, millo, trigo e pataca...) nas parroquias en estudo así como as limítrofes son:

	Número explotacións con cultivos	Prioritarias
Ordes	41	6
Pereira	14	2
Lesta	26	13
Mercurín	19	7
Buscas	41	7
Poulo	24	5
Parada	22	5





10 ANALISE DE ACTIVIDADE GANDEIRA

O concello de Ordes ten recollidos no **último censo agrario do 2020 un total de 7.161 UGT**, sendo maioritarias as explotacións de bovino, polo que centraremos o estudo nesta especie que ademais é a que require unha maior base territorial.

Nivel	Municipal
Código	15059
Comarca	Interior
Provincia	Coruña, A
Núm. de explotacións con gando bovino	322
Núm. de explotacións con gando ovino e caprino	45
Núm. de explotacións con gando porcino	69
Núm. de explotacións con aves de curral	28
Ano	2020


No visor do SIAVA a capa REGA do 03.08.2022 mostra poucas explotacións e so de porcino e aves (dentro do perímetro a estudar) e ningunha de bovino.

Consultado o REAGA, **a día de hoxe**, encontramos que o número de explotacións con entregas de leite sen especificar límite temporal (12 o 24 meses) nestas parroquias e as limítrofes son:

	Número explotacións con entregas leite	Número explotacións asinantes
Ordes	25	Non consta
Pereira	11	“
Lesta	29	
Mercurín	10	
Buscas	34	
Poulo	17	
Parada	11	

As explotacións con cargas gandeiras superiores a 10 UGM de cabras/ourellas, 5 UGM de eguas e 20 UGM de vacún de leite/carne son as que se sitúan moi dispersas.





11 ANALISE EXPLOTACIÓNS GANDEIRAS

Por outra banda de cara a xustificar a existencia de profesionais agrarios que dedican as súas producións á comercialización, encontramos que as explotacións cualificadas como prioritarias e a carga gandeira total así como a superficie declarada no REAGA.

	Número de explotacións prioritarias	Número UGM en prioritarias	Superficie explotacións prioritarias (ha)	Carga gandeira (UGM/ha)	Número explotacións asinantes
Ordes	8	165,6	83,07	1,99	No consta
Pereira	2	275	76,39	3,60	"
Lesta	14	868,24	324,41	2,68	"
Mercurín	8	232,8	165,5	1,41	"





Buscas	7	173,46	106,2	1,63	"
Poulo	6	395,6	182,53	2,17	"
Parada	7	336,12	117,1	2,87	"
Totais	52	868,24	324,41	2,68	

Nota: Explotación prioritaria é a que posibilita unha UTA, a renda de traballo unitario está entre 35-120% da renda de referencia, así mesmo o titular é agricultor profesional, está dado de alta no réxime agrario e reside na comarca ou límites onde está a explotación.

A carga gandeira media municipal dos profesionais agrarios na parroquia de Ordes é de **1,99 UGM/ha** inferior o máximo fixado para a práctica do pastoreo extensivo en pastos húmidos (0,4 a 2 UGM/ha) que son os máis esixentes en canto a base territorial.

As alta das explotacións prioritarias na parroquia de Ordes e Pereira e no 70% dos casos superior a 30 anos.

12 ANALISE ACTIVIDADE FORESTAL

Para o seu estudo compre ter en conta o Inventario Forestal Nacional (IFN4 Galicia), o sistema de indicadores da administración forestal que proporciona as series históricas de datos estatísticos do sector forestal e tamén o Inventario Forestal Continuo de Galicia que no mes de febreiro publicou os mapas de dispoñibilidade técnica, legal e técnico-legal do aproveitamento forestal elaborados de forma provisional.

O 22.03.2024 se solicita ao Servizo de Montes, para que no ámbito das súas competencias, informe sobre o perímetro en estudo que se achega sobre as seguintes cuestións:

1. Descrición do recurso e distribución por especies (coníferas, frondosas...)
2. Análise histórica da evolución das superficies adicadas a usos forestais
3. Estrutura da propiedade forestal (privado, público, montes veciñais en man común, agrupacións forestais inscritas...)
4. Aproveitamentos madeireiros nos últimos 10 anos (superficies, volumes..)
5. Potencialidade actual do recurso e servizos forestais para mitigar os efectos do cambio climático mediante a diminución de emisións do CO₂
6. Análise histórica da evolución do número de lumes e superficie afectada





7. Viabilidade en función dos condicionantes técnicos e legais (afeccións a ríos, patrimonio natural e/ou cultural, infraestruturas e/ou edificacións)

O 07.05.2024 (registro entrada núm. 2024/1189114) se recibe do Servizo de Montes o Informe previo de actuación de reestruturación parcelaria ZRP: Ordes-Pereira II que se achega como anexo e que conclúe no seguinte:

"...entendemos que se podería cumprir co obxectivo e) do artigo 2 da Lei 4/2015, do 17 de xuño "Mitigar os efectos do cambio climático mediante o establecemento de medidas adecuadas e contribuír con actuacións de adaptación aos seus efectos".

Sempre e cando se poida **manter e/ou aumentar a superficie forestal e se contribúa a defensa contra os incendios forestais**, como parece que é o camiño que pretende seguir a UE. Sen embargo nen nas "necesidades e oportunidades" nen nos "obxectivos" desta actuación aparece ningunha mención ao usos forestais do territorio cando xa se mencionou que ocupa unha superficie aproximada do 43% da ZRP..."

A estadísticas de lumes publícanse anualmente por distritos forestais. O concello de Ordes está dentro do Distrito III Santiago-Meseta Interior e no ano 2022 se rexistraron un número de 69 lumes que afectaron a unha superficie total de **76,09 ha (77% superficie arborada)**.

A evolución temporal dende o ano 2007-2022 amosa unha redución de todas as variables consideradas dende o ano 2018

	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
Núm. Incendios forestais	138	75	172	162	284	228	255	70	193	182	181	81	68	48	44	69
Superficie total (ha)	185,4	125,8	343,8	350,2	555,91	307,93	546,15	101,93	1040,73	1130	402,24	60,57	87,79	99,79	59,17	76,05
Superficie arborada (ha)	67,2	32,4	129,7	175,53	234,22	117,88	187,33	35,15	573,69	868,25	302,49	26,87	59,05	72,17	25,11	59,35
Superficie rasa (ha)	118,3	93,4	214,1	174,67	321,69	190,05	358,82	66,78	467,04	261,75	99,75	33,7	28,74	27,62	34,06	16,7

13 CONCLUSIÓN

A día de hoxe, os propietarios con parcela única son o 50% polo que o índice de redución está limitado e o número de propietarios que acaparan o 40% da superficie dentro do perímetro son 40 (apenas un 3% do total)

Para o inicio dun proceso de mellora da estrutura territorial agraria nunha zona compre acreditar, con carácter previo, que se cumpre algún dos requisitos necesarios para acadar os obxectivos xerais que se establecen na METAGA. Dos datos presentados pode deducirse que:



- Non está xustificada a existencia, a día de hoxe, de deficiencias estruturais nas explotacións agrarias situadas na zona de actuación que incidan negativamente na súa viabilidade técnico-económica e que poidan ser corrixidas mediante un proceso de mellora da estrutura territorial agraria. A carga gandeira por explotación prioritaria e inferior a 2 UGM/ha
- Non se constata na zona actividade agraria suficiente aínda que existen algúns profesionais agrarios (10) que adican as súas producións á comercialización, sin embargo, non está acreditada que exista un relevo xeracional asegurado.
- Non se ten constancia de manifestacións de interese por parte das persoas titulares afectadas, especialmente dos das explotacións agrarias, por levar a cabo o proceso, aínda que o concello no seu escrito sinala que "...A excesiva parcelación da propiedade impide o aproveitamento de moitas fincas pola falta na actualidade de accesos axeitados para a maquinaria e polas escasas dimensións, polo que en moitas ocasións os propietarios teñen que abandonalas, véndose obrigados a alugar parcelas noutras parroquias que teñen os seus procesos de reestruturación xa realizados..."
- E unha zona dinámica do territorio cunha estrutura produtiva no que predomina o sector servizos pero no que un 10% de traballadores pertencen ao sector agrícola (o dobre que na media galega) aínda que os establecementos agrícolas teñen un peso inferior.
- A potencialidade agraria da zona, estimada de acordo con criterios obxectivos é significativa, con valores moi altos na maior parte da superficie dentro do perímetro en con aptitudes para prado, millo e pinaster.
- Existen na zona áreas ambientalmente protexidas como o ZEC Río Tambre e outras que aínda estando fora do perímetro poden verse afectadas e nas que se atopan hábitats prioritarios.
- É posible unha vez rematada a zona poda acadarse un efecto de mitigación dos efectos do cambio climático (diminución de CO₂) así como a redución do número e intensidade dos incendios forestais mediante a creación de infraestruturas, recuperación de terras actualmente en abandono ou improdutivas e un uso do territorio social e economicamente máis rendible.

14 VIABILIDADE DO PROXECTO

O proxecto é viable dende o punto de vista técnico. Non existen limitacións importantes dende un punto de vista ambiental ou patrimonial, e os terreos obxecto do proceso poden ter un uso agrícola ou forestal axeitado sendo susceptibles da posta en produción de parte dos terreos en estado de abandono.





Reservar bolsas de superficie agraria para a implantación de iniciativas empresariais que se adiquen a producir alimentos km0 (reducindo a emisión de CO₂) non é incompatible coas repoboacións forestais e os bosques naturais. As plantacións non deberían limitarse a dúas especies, xa que a diversidade é crucial para manter o equilibrio ecolóxico, promover a biodiversidade e garantir a sostibilidade a longo prazo dos ecosistemas forestais. En relación ao uso dos bosques e repoboacións como sumidoiros de CO₂, aínda que algunhas especies poden captar mais CO₂ a curto prazo, compre analizar as emisións derivadas do seu procesamento e aproveitamento posterior, e así obter una visión mais completa e precisa do impacto ambiental das actividades forestais.

Sin embargo, antes de decretar a zona, sería adecuado facer un catalogo previo de solos agropecuarios e forestais a contrastar cos propietarios da zona e os titulares das explotacións agrarias existentes, porque a participación e implicación cidadan na planificación do territorio, anta a falta de manifestacións de interese, é fundamental para acadar un resultado satisfactorio para todos.

En calquera caso, é preciso lembrar que as restauracións parcelarias que afecten a terreos maioritariamente forestais, como é o caso, deben cumprir, a efectos de recibir axudas publicas como as de inversións en infraestruturas agrarias (intervención 6843.2 do PEPAC) cos requisitos fixados na lexislación sectorial vixente (artigo 70 da Lei de Montes de Galicia)

A Coruña, na data da súa sinatura

María Belén Mosquera Val
Xefa do Servizo de Infraestruturas Agrarias

ANEXO

Informe previo de actuación de reestructuración parcelaria ZRP: Ordes-Pereira II

